

Nº EXPEDIENTE:	2022/176Q
PROCEDEMENTO:	P1 – Previo de necesidades
REF. ADICIONAL:	MRU/14/2021
PLAN:	Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 1ª fase (Deputación Provincial da Coruña)
CONTRATO OBRA:	Pavimentación de viarios de acceso en Carlexo e A Gruñán (Vilvestro) e Outenín (Laraño)

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS A REALIZAR

A descrición dos traballos e as condicións técnicas que rexerán o contrato de obra están definidos no proxecto construtivo denominado “*Pavimentación de viarios de acceso en Carlexo e A Gruñán (Vilvestro) e Outenín (Laraño)*”, redactado en xaneiro de 2021 polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos D. Antonio José Durán Maciñeira (asinado dixitalmente con data 18/03/2021) e aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 30/04/2021 (expediente 2021/18372F), segundo consta no apartado 2) da súa parte dispositiva.

XUSTIFICACIÓN DOS PREZOS QUE DAN LUGAR AO ORZAMENTO DE LICITACIÓN

A xustificación dos prezos unitarios desenvólvese no Anexo nº 1 “Xustificación de prezos” do Documento nº 1 “Memoria e Anexos” do proxecto construtivo e foron calculados segundo a normativa de contratos do Sector Público.

No Documento nº 4 “Orzamento” do proxecto construtivo figuran os prezos unitarios nos cadros de prezos nº 1 e nº 2.

FINANCIACIÓN DO CONTRATO

A actuación prevista no proxecto construtivo foi incluída polo Concello de Santiago de Compostela, segundo acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30/04/2021 (expediente 2021/18372F), no Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña. As bases reguladoras de dito plan foron aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial na súa sesión de 27/11/2020 e posteriormente foron modificadas na súa sesión de 30/12/2020 (BOP nº 225 de 31/12/2020).

O investimento foi aprobado sen condicións polo Pleno da Deputación Provincial na súa sesión de 30/06/2021 e incluído no Plan complementario ao POS+ 2021 que ten natureza de reserva coa finalidade de poder investir en cada concello os créditos procedentes das maiores achegas ao plan que, de ser o caso, poida aprobar a Deputación Provincial. Mediante circular complementaria de xullo de 2021 (sinatura dixital de 21/07/2021) a Deputación Provincial, despois do procedemento e exposición e información pública, comunicou que o Plan POS+ 2021 se considera definitivamente aprobado.

O Concello de Santiago de Compostela, por resolución da súa Alcaldía de data 08/07/2021, acordou participar na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 da Deputación Provincial da Coruña, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento do investimento financeiramente sostible de referencia que xa tiña incluído no Plan complementario ao POS+ 2021.

A Deputación Provincial, mediante resolución nº 2021/30870 da súa Presidencia de data 23/07/2021, declarou cumprida a condición de existencia de remanentes xerados pola maior achega provincial, segundo o expediente de modificación de créditos EMC/3/2021 que foi aprobado polo Pleno da Deputación Provincial na súa sesión de 30/04/2021 e que entrou en vigor con data 31/05/2021 coa publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia e, en consecuencia, considerou aprobada a 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 por maior achega provincial, no marco das bases reguladoras de dito plan.

O investimento financeiramente sostible de referencia, que se inclúe na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2021, está entre os que solicitou o Concello de Santiago de Compostela no seu momento con carácter supletorio no POS+ Complementario/2021 e foi aprobado, sen condicións particulares, conxuntamente co POS+ 2021 de forma condicionada á existencia de crédito necesario para o seu financiamento. Unha vez que existe crédito provincial procedente da maior achega provincial aprobada no expediente de modificación de créditos EMC/3/2021 e despois de confirmar o Concello de Santiago de Compostela a súa aplicación ao POS+ Adicional 2/2021 o investimento está aprobado sen condicións na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2021 e poderá iniciar a súa adxudicación e posterior execución.

O investimento financiarase na súa totalidade (100%) con cargo ao orzamento provincial, nas condicións establecidas nas bases reguladoras do plan POS+ 2021.

A documentación da actuación se atopa na plataforma electrónica SUBTeL da Deputación Provincial cos seguintes datos:

	Plan POS+ 2021	Investimento	Plan POS+ Adicional 2/2021 1ª fase	Obra
Expediente	2020000041410	2021000004838	2021000034285	2021000036282
Código	-----	-----	-----	2021.2102.0551.0

ORZAMENTO MÁXIMO DE LICITACIÓN

O orzamento máximo de licitación, sen incluír o I.V.E., que deberá soportar a Administración, fíxase en **67.595,99 €** segundo o seguinte detalle:

Orzamento de execución material	56.803,35 €
13% de Gastos Xerais	7.384,44 €
6% de Beneficio Industrial	3.408,20 €
Orzamento de licitación	67.595,99 €
21% de I.V.E.	14.195,16 €
Orzamento xeral de contratación	81.791,15 €

O orzamento asignado ao desenvolvemento do contrato por exercicios orzamentarios (anualidades) é o seguinte:

	Exercicio orzamentario (anualidade)	<i>Total</i>
	2022	
Orzamento de licitación	67.595,99 €	67.595,99 €
21% de I.V.E.	14.195,16 €	14.195,16 €
Total orzamento	81.791,15 €	81.791,15 €

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Enxeñeiro de Camiños municipal,

V. e pr. o Concelleiro de Medio Rural,

Asdo.: Miguel Fernández Solís

Asdo.: José Manuel Pichel Patiño